

Reunión Comenius en Holanda

Entre os días 16 e 21 de marzo, un grupo de 8 alumnos e alumnas de 4º de ESO do IES Praia Barraña de Boiro, acompañados polos profesores Xosé Manuel Rivas e Daniel Recamán, viaxaron a Bélxica e Holanda, dentro do proxecto Comenius “The teenager investment fund – How to take care of the future”, no que o IES Praia Barraña participa dende o curso pasado. Nesta ocasión o centro organizador foi o Zeldenrust-Steelantcollege da cidade holandesa de Terneuzen. A primeira etapa desta extraordinaria viaxe foi Bruxelas, onde visitaron o Parlamento Europeo, dende alí dirixíronse a Terneuzen, para participar xunto a estudantes e profesores de diversos países europeos nunha reunión Comenius na que os alumnos gañadores do concurso “My Company” presentaron os seus proxectos empresariais. No caso do IES Praia Barraña resultaron premiados os alumnos, Julia Martínez e Rubén Ces, polo seu proxecto “R&J Publicidad”. Nas numerosas actividades didácticas e lúdicas organizadas polo instituto holandés, quedou patente tanto o seu interese pola historia, a cultura, o medioambiente, a innovación como a súa loita continua para evitar que o mar invada o seu territorio. Ademais localización fronteiriza da vila holandesa, permitiu ao grupo boirense visitar as cidades belgas de Gante e Bruxas, famosas pola súa beleza arquitectónica.